

Mundo de poemas

EN 44 ACTIVIDADES



A maior do momento
que cretino anda a so
momentos pero es entib
no ennea hoy tipo me
e. na topla de boca,
nacho salian os tipo

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN
Letras Galegas 2022

No ano das Letras dedicado a Florencio delgado Gurriarán, queremos propovos unha batería de actividades creativas arredor da súa obra.

Da man de Dulce Fernández Graña, catedrática de Lingua e Literatura Galegas e editora dos poemas de Florencio Delgado Gurriarán para Editorial Galaxia, recomendámosvos 25 poemas ideais para traballar na aula.

Ao lado de cada un dos títulos podedes ver a que libro ao pertence e se está incluído nalgunha das dúas antoloxías poéticas publicadas por Galaxia.

Tamén vos achegamos unha batería de actividades aplicables, tanto á poesía de Delgado Gurriarán, como ás creacións libres do voso alumnado.

Esperamos que estes materiais vos axuden a traballar a poesía de Florencio Delgado Gurriarán nas vosas clases e crear proxectos moi chulos.

Se queredes compartir os vosos proxectos conosco, podedes facelo a través da **#galaxiagurriaran** para que poidamos darlles difusión a través das nosas redes.

Viva a poesía!
Vivan as Letras Galegas 2022!

Selección de poemas de Florencio Delgado Gurriarán para a aula publicados por Editorial Galaxia, edición de Dulce Fernández Graña, catedrática de Lingua e Literatura Galegas

				
Ed. Dulce Fernández Graña	Ed. Dulce Fernández Graña	Ed. Dulce Fernández Graña	Xesús Alonso Montero	Ed. Débora Álvarez Moldes e Margarida Pizcueta Barreiro

<i>Cantiga da vendima</i>	*			*	*
<i>Cousas das serras</i>	*				*
<i>Quince anos</i>	*				
<i>Folión de verán</i>	*				
<i>Matanza</i>	*				
<i>Vente ventiño do norte</i>	*			*	*
<i>Romance da terra doente</i>	*				*
<i>Camiño da serra</i>	*				
<i>Galicia infinda</i>		*		*	
<i>Resposta a Rosalía</i>		*			
<i>As xeiras do castiro</i>		*			
<i>Domadora de serpes</i>		*			*
<i>Os gaiteros de Montgomery</i>		*			*
<i>Morelia</i>		*			
<i>Atotonilco</i>		*			
<i>Hai sede na nova Galicia</i>		*		*	
<i>O soño do guieiro</i>			*		*
<i>Cantarelas do castrapo</i>			*		
<i>Alexandre Bóveda</i>			*	*	
<i>Os lobos da xente</i>			*	*	*
<i>Per me regis regnam</i>			*		
<i>Celso Emilio Ferreiro</i>			*		
<i>O galego</i>			*		
<i>Louvanza dos nomes galegos</i>			*	*	
<i>As vodas do piollo e mais a pulga</i>				*	

ACTIVIDADES AO REDOR DA POESÍA E A CREACIÓN POÉTICA

CLIC NAS LIGAZÓNS
PARA VER MOSTRAS



Instrucións

Poema a varias mans

Imprimir ou copiar un poema con ocios para completar libremente e crear un poema novo.

Poemas de apagón

Sobre unha folla de libro ou revista, seleccionar palabras que compoñan un poema e riscar o resto de forma artística

Campionato de crebacabezas poético

Pinchar no taboleiro da aula tarxetas con cada unha das palabras de dous poemas ou fragmentos para recompoñelos por equipos en tempo limitado.

Poesía invisible, ou non tanto

Mural poético invisible con zume de limón para expor ao sol, no exterior ou nunha xanela da aula. Para velo, pode usarse calor de lume, secador do cabelo ou o sol.

Poemas concretos

Debuxar unha imaxe coas liñas do poema. Por exemplo “Domadora de serpes”, con forma de serpe.

Acrósticos

Escribir poemas acrósticos co título dun poema de Gurriarán.

Poemas cinquains

Son poemas de 5 versos coa estrutura seguinte:

- Verso 1: 1 palabra - nome
- Verso 2: 2 palabras - adxectivos
- Verso 3: 3 palabras - verbos
- Verso 4: 4 palabras - frase completa
- Verso 5: 1 palabra - adxectivo referido ao verso 1

Interpreta un poema

Escoller xestos que indiquen accións, obxectos e emocións para interpretar un poema mentres se recita.

Cambia a perspectiva

Reescribir un poema desde a voz doutro personaxe ou dun observador.

Diario de poesía

Construír un libro de 16 páxinas en A4 ou A3 con esta receita e enchelo de poemas dedicándolles 15'/día durante 2 semanas.

Lombopoemas

Construír un poema cos lombos dos libros amoreados

Recitado interpretativo

Recitar un poema de distintas formas: con enfado, alegría, temor etc.

<u>Roda/spinner de poesía</u>	<p>Construír unha buxaina de papel ou un oráculo coas preguntas seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. De que outro modo poderías titular este poema? 2. Por que cres que o/a autor/a escolleu utilizar ou non utilizar a rima? 3. Que visualizas ao ler este poema? 4. Se o poema fose unha cor, que cor sería? 5. Por que cres que o/a autor/a escribiu este poema? 6. Cal é o ton/ánimo do poema? 7. Se este poema fose música, que instrumento utilizarías? Por que? 8. Se este poema se convertese nun filme, sería de acción, romántico, unha comedia, un documental...?
<u>Poema a escena</u>	<p>Crear monicreques de cartolina montados sobre pas de xeado para representar un poema.</p>
<u>Libro de poemas en túnel 3D</u>	<p>Outro modo de representar poemas de forma dramática.</p>
<u>Poemas Pantone</u>	<p>Escribir poemas sobre tarxetas de cores de mostra de catálogos de pintura. Poden pedirse nas tendas de pintura ou mercarse en tendas como Amazon e Aliexpress.</p>
<u>Poemas a la mode de</u>	<p>Escribir poemas orixinais ao estilo doutros/as poetas.</p>
<u>Poemas nos petos</u>	<p>Construír un mural con petos traseiros de pantalóns vellos en que se colocan poemas.</p>
<u>Dados poéticos</u>	<p>Crear dados con estruturas de frases para ir escribindo versos cos que compoñer un poema. Un dado con cláusulas simples e outro con subordinadas.</p>
<u>Quintillas á man</u>	<p>Modelos de quintillas coas ultimas palabras escritas e rimadas</p>
<u>Palabras entre palabras</u>	<p>Post-it no taboleiro coas palabras favoritas de poemas do/a poeta que se está a traballar para que os/as alumnos/as escriban os seus poemas incluíndoas.</p>
<u>Palabras fóra</u>	<p>Escribir cada palabra dun poema nun anaco de papel ou tarxeta. Clasificar todas as tarxetas por categorías gramaticais. Compoñer poemas segundo fórmulas sintácticas.</p>
<u>Legopoemas</u>	<p>Palabras en pezas de lego. Construír versos para facer poema colectivo.</p>
<u>Paopoemas</u>	<p>Cada verso nun pau de xeado e ordenar versos do poema ou facer un novo que teña sentido.</p>
<u>Poema medido</u>	<p>Escribir un poema cun número de sílabas determinado.</p>

Oda postal	Poema de 5 versos co código postal do/a destinatario/a. Cada díxito indica número de palabras en cada verso. O cero permite calquera número de palabras nun verso.
Oda telefónica	O mesmo, pero co número de teléfono.
Cadáver exquisito	En grupos de 4-8 para un verso cadaquén indicándolles o tipo de estrutura para cada verso (ex.: substantivo, adxectivo, verbo, substantivo, adverbio...). Poden engadir determinantes.
Poema estéreo	Poema orixinal e versión alterada que varía algunha palabra para ler en voz alta, ambas as voces ao mesmo tempo.
Poema simplificado	Eliminar XX palabras nun poema para que siga contando o mesmo pero con menos detalles.
Poemas SIJO	Un sijo ten 3 liñas de longxitude, cunhamedia de 14 a 16 sílabas por liñas (para un poema total de 44 a 46 sílabas). A primeira liña introduce a situación ou o tema do poema. A liña 2 desenvolve o tema con máis detalle. A liña 3 presenta un “xiro” e unha conclusión. Poden usarse para resumir poemas.
Recortes poéticos	Cortar poema en tiras/paus e reordenar.
Poema impostor	Cada alumno/a insire X versos nun poema dado e o resto deben buscar cales son as palabras impostoras.
Cómic poema	Ilustrar un poema en formato cómic.
Poemas diamante de Iris McClellan Tiedt	Poemas de 7 versos que seguen o esquema seguinte: Substantivo · Adxectivo, adxectivo · verbo, verbo, verbo · Substantivo, substantivo, substantivo, substantivo · Verbo, verbo, verbo · Adxectivo, adxectivo · Substantivo
Neopoemas	Transformar un poema cun número de cambios determinado. Exemplo: · Cambia a primeira palabra do poema. · Elimina 4 palabras. · Cambia polo seu antónimo todas as palabras posibles.
Micropoemas	Escribir poemas de 240 caracteres como máximo, como en Twitter.
Da poesía á prosa	Explicar todo o que conta un poema en forma de relato/descrición etc.
Skimming	Atopar a idea central dun poema a través de lectura escoitada, ou lectura individual, con tempo limitado.

Poemas atopados	Recortar palabras de revistas para formar poemas, ou ben anotar palabras dun poema recitado para escribir un novo poema orixinal a partir delas.
Poema do día no taboleiro	Cada día/semana un/unha estudante pica un poema no taboleiro da aula. Incluír un “medidor de sensacións” para que os/as estudantes cualifiquen o poema nunha escala desde suave a moi picante, como as salsas.
<u>Poesía Ilustrativa</u>	Cada parella de estudantes recibe unha imaxe preseleccionada sobre a que escribirán un poema. Poden engadirse regras en canto a extensión, palabras que deben usarse etc., ou facelo de forma completamente libre.
Pasa o poema	Escribir unha frase/verso nunha folla de papel e pasala por toda a clase, de modo que cada estudante vaia engadíndolle un verso ata completar un poema. Poden darse indicacións sobre estilo e estrutura.
<u>Storybird</u>	Unha ferramenta online, IOS e Android para crear poemas e contos con ilustracións procedentes da base de datos de Storybird
Ligazóns interesantes para crear actividades poéticas.	32 actividades poéticas para nenas e nenos. <ul style="list-style-type: none">· Ideas para poemas· 101 temas para escribir poemas· Á voltas coas estruturas poéticas· 365 ideas para poemas· Xogos poéticos: a máquina de poesía· Actividades poéticas para Secundaria· Temas para poemas

FDG

